

ADIVIÑAS DE OUTONO

**AVE TEÑO DE NOME
DE LÁ O REVESTIMENTO
O QUE NON ADIVIÑE
NON TEN DISCORREMENTO.**

ABELÁ

**ALTA ESTOU
LADRÓN VEXO VIR
DO MEU CARAPUCHO
NON PODO FUXIR**

CASTAÑA

**ALTO ME VEXO
COLOR DE OURO TEÑO
POR UNHA RISADA
PERDÍN CANTO TEÑO**

OURIZO

**PARA QUE EU BAILE
PÓÑENME A CAPA
PORQUE SEN CAPA
NON PODO BAILAR
PARA QUE EU BAILE
TÍRANME A CAPA
PORQUE SEN CAPA
NON PODO BAILAR**

BUXAINA

**VIVE NUN CARBALLO,
VAI DE PÓLA EN PÓLA,
RECOLLE BUGALLOS,
XOGA Á MARIOLA**

ESQUÍO

**PUCHEIRIÑO PEQUENIÑO
GARDA RICO MANXARIÑO,
NIN COCIDO, NIN GUISADO,
NIN NO LAR AFERVENTADO
E COMELO HAS DE SABER
SEN GARFO NIN CULLER**

NOZ

**VIVE NO CAMPO,
TEN UN SÓ PÉ,
OS BRAZOS SON PÓLAS,
O PELO VERDE É.**

ÁRBORE

**BRÚA NO ALTO
DOS OUTEIROS
E ABANEA
OS CASTIÑEIROS.**

VENTO

